



O Partido dos Socialistas de Galicia PSOE convida á presentación do candidato á **Alcaldía do Irixo** o próximo **Sábado 7 de febreiro de 2015, ás 18,00 h.** na sede da Agrupación Socialista do Irixo (As Laxas, 2 baixo)

Intervirán:

Raúl Fernández, secretario provincial

Pachi Vázquez, deputado autonómico

Iago Fariñas Valiña, candidato á alcaldía

Falemos, acordemos, traballemos.



Chámome **Iago Fariñas Valiña**, son doutor en Dereito, Máster en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente e avogado de profesión, aínda que o máis relevante é que son un apaixonado da terra que un día viu nacer a miña familia, os de “*Madrilejo*” de Orosa, na parroquia do Campo e tamén en Rivas, parroquia de Loureiro onde naceu a miña bisavoa. Nos últimos anos fun Vicedecano da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, e membro do seu Consello de Goberno por designación do Reitor, tamén membro do Claustro universitario e do Consello Social da Universidade de Vigo por elección, entre outras responsabilidades.

Preséntome como candidato á **alcaldía do Irixo** polo partido socialista de Galicia PSOE, convencido de que é o momento de dar un paso adiante e comprometerse co noso pobo e coa nosa xente, de demostrar que é posible recuperar a tranquilidade e o diálogo entre os veciños, e sobre todo **facer que O Irixo, progrese** e sexa un lugar máis próspero e **mellor para vivir, nenos, mozos e maiores**.

Con diálogo, ilusión e sobre todo **moito traballo**, poderemos ofrecer **unha solución para cada problema e para cada veciño**, sen distinción de parroquia, aldea ou condición... temos que fomentar a natalidade, axudar ós nenos a formarse, ós mozos a ter un traballo e ós maiores a que estean atendidos sempre nas súas casas...

Teño toda a **ilusión, capacidade, e ganas** de poder demostrar que hai **moitas cousas por facer**, que se pode facer moito máis e mellor en beneficio de todos... agora só falta que ti creas en ti mesmo e en min, tanto como **eu creo nesta terra** .



Socialistas

www.oirixo.org